

## BANDO

*Andrés Iglesias Rodríguez, Alcalde do Concello de Pazos de Borbén*

### FAI SABER

En virtude do Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga con este Concello en materia de prevención e defensa contra incendios forestais as faixas das vías municipais aprobadas vanse a inspeccionar en campo e notificarse aos propietarios das parcelas sen xestionar.

Os propietarios contarán cun prazo de 30 días naturais para xestionar a parte afectada das parcelas e pasado ese prazo se non se actuou nestas, Seaga procederá a realizar os traballos con cargo ao convenio.

Os traballos consistirán na roza de mato e a retirada de especies arbóreas non permitidas (piñeiros, acacias e eucaliptos) nos 6 metros a cada lado das marxes das vías de titularidade municipal aprobadas para adecualas ás distancias establecidas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e na Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

No caso de haber madeira de especies que non poidan estar presentes, os propietarios poderán retirala antes de que remate o prazo indicado. Se é Seaga quen finalmente realice estes traballos a madeira sería decomisada polo convenio.



Co fin de por ao tanto aos veciños coa maior antelación anexase un plano indicando nos camiños que vai a actuar Seaga.

Para máis información pode contactar coas oficinas municipais.


O que se fai público para xeral coñecemento.


DOCUMENTO ASINADO AO MARXE.





**LEENDA**

 Rozas e retirada de piñeiros, acacias e eucaliptos en faixas de pistas de titularidade municipal.

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		 <b>fegamp</b>		 <b>seaga</b>	
TÍTULO PROXECTO 3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS					
Nº PLANO	TÍTULO PLANO				
1	PLANO DE SITUACIÓN DAS ROZAS DE FAIXAS EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PAZOS DE BORBÉN (PONTEVEDRA)				
ESCALA	FORMATO	DISTRITO FORESTAL	DATA	O TÉCNICO	
1:25.000	A3	XVIII	2020		
ETRS89, UTM fuso 29N					